edu emprende

Rede de Viveiros de empresas nos centros educativos

galicia

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invirte no teu futuro"

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Rede de viveiros de empresa nos centros educativos

O plan de emprendemento Eduemprende ten como finalidade o fomento do espírito emprendedor e as iniciativas empresariais no sistema educativo de Galicia. Para alcanzar este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pon á disposición do seu alumnado espazos adecuados para a posta en marcha dun negocio ou de proxectos empresariais viables, coas infraestruturas básicas e co asesoramento e a titoría da persoa responsable de emprendemento do centro educativo.

Que son os viveiros de empresa?

Un viveiro de empresas é un local dividido en despachos equipados con moblaxe, sala de reunións, equipamentos informáticos e os servizos precisos para levar as xestións necesarias para a posta en marcha da túa iniciativa emprendedora.

Que ofrece un viveiro de empresas dun centro educativo?

- Asesoramento.
  - Formación e apoio do profesorado que imparte formación relacionada co sector onde se desenvolverá o teu proxecto.
  - Titoría polo coordinador ou a coordinadora de emprendemento, responsable do seguimento e da orientación no teu proxecto.
  - Asesoramento de persoal técnico especialista.
- Instalacións.
  - Locais axeitados para o desenvolvemento das actividades das persoas emprendedoras.
  - Moblaxe básica propia dunha oficina.
- Servizos.
  - Servizos asociados ás infraestruturas (seguridade, limpeza, luz, etc.).
  - Servizos auxiliares da actividade empresarial, como conexión a internet.

Os viveiros proporcionan ademais unha plataforma para establecer relación con outras empresas, administracións e outras institucións, o que facilita coñecer outras experiencias e abrirse camiño no mercado.

Quen pode empregar os viveiros educativos?

Pódeno facer as persoas que teñan un plan de empresa viable e que estean matriculadas o derradeiro curso dun ciclo formativo de formación profesional, ou remataran os seus estudos de FP nos últimos catro anos, e tamén as que estean a estudar bacharelato.

Onde se atopan os viveiros de empresas?

Nos seguintes centros educativos hai viveiros de empresa onde desenvolveres e pores en marcha o teu proxecto empresarial.

- CIFP Portovello
  Rúa Luís Trabazos (As Lagoas), 1 Ourense - 988 23 26 49
- CIFP Anxel Casal-Montealto
  Paseo Marítimo, 47 A Coruña - 981 21 01 12
- CIFP Politecnico Lugo
  Rúa Armando Durán, 3 Lugo - 982 22 03 28
- CIFP Manuel Antonio
  Avenida de Madrid, s/n. (ap. 3138) Vigo - 986 27 38 00
- CIFP Rodolfo Ucha
  Avenida Castelao, 64 (Caranza) Ferrol - 981 32 15 65
- CIFP Porta da Auga
  Avenida Luarca, s/nRibadeo - 982 12 88 94
- CIFP Politécnico Santiago
  Rúa Rosalía de Castro, 133 Santiago - 981 52 20 62
- IES Luís Seoane
  Rúa Luxemburgo s/n (Monteporreiro) Pontevedra - 986 85 78 60
- CIFP A Granxa
  Rúa Areas, s/n (Ap. 7) Ponteareas - 986 64 00 68

Se tes unha idea emprendedora ou un proxecto empresarial, non dubides en achegarte a algún dos viveiros de empresa da Rede de Viveiros Educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Onde me podo informar?

Podes contactar coordinador ou a coordinadora de emprendemento e/ou co titor ou a titora do viveiro dalgún dos centros arriba indicados.

Máis información

- www.edu.xunta.es/fp
- fpplus@edu.xunta.es
- No teléfono 981 546 564